



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Literatura Latina | Código | 613G01045 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Ferraces Rodriguez, Arsenio | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es | |
| Profesorado | Ferraces Rodriguez, Arsenio | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia propoñe unha aproximación a la literatura latina de la Antigüedad (ss. III a.C.-Vd.C.) y a su influencia en la posteridad que tenga en cuenta tanto su ciclo temporal como los contextos sociales que la enmarcan, los aspectos ideológicos que transmite y en qué se sustenta, y los diferentes códigos formales propios de cada género. Con objeto de concentrar una materia tan vasta en el espacio de un cuatrimestre, la exposición de los contenidos y las actividades previstas se limitarán a cuatro grandes temas, suficientemente representativos del conjunto de la literatura romana: el teatro, la poesía amorosa, la historiografía y la narrativa de ficción. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|----------|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual | A1 A2 | | |
| Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina | A13 | | |
| Coñecer a crítica textual e a edición de textos, aplicados ao campo da literatura latina | A16 | | |
| Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía no campo da filoloxía clásica | A23 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información no campo da filoloxía clásica | A11 | B1 | |
| Adquirir capacidade de autoinformación no campo da filoloxía clásica | | B3 | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas, especialmente a historia das literaturas inglesa, española e galega | | B5 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico | | B7 | |
| Apreciar a diversidade cultural mediante a confrontación do legado da Antigüidade cos trazos da modernidade e contemporaneidade | | B8 | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Cuestións xerais sobre a literatura latina | 1.1. O sistema literario na Antigüidade: Literatura/Textos/letras 1.2. Cuestións de denominación e delimitación: 'literatura romana'/literatura latina' 1.3. Literatura pagana/literatura cristiana 1.4. Sistematización do estudo da literatura latina 1.5. O falso problema da 'orixinalidade' da literatura latina (imitación e emulación) |



| | |
|--|---|
| 2.- O teatro en Roma. | <p>2.1. O ciclo temporal: orixe, desenvolvemento e decadencia</p> <p>2.2. O contexto social: escritores, actores, público, patronos, marcos pragmáticos</p> <p>2.3. Os xéneros e subxéneros do teatro literario e dos espectáculos parateatrais</p> <p>2.4. A influencia na posteridade</p> |
| 3.- O tratamento do amor na poesía latina. | <p>3.1. Ideoloxía sobre o amor na Antigüidade</p> <p>3.2. O amor na poesía persoal: epigrama, lírica, elegía, bucólica</p> <p>3.3. O amor na poesía dramática, narrativa e didáctica</p> <p>3.4. A influencia na posteridade</p> |
| 4.- A historiografía en Roma. | <p>4.1. Os xéneros e subxéneros da historiografía</p> <p>4.2. Teoría da historia: aspectos sociais, retóricos e filosóficos</p> <p>4.3. A biografía</p> <p>4.4. Influencia na posteridade</p> |
| 5. A narrativa de ficción | <p>5.1. Consideracións sobre os conceptos de narración e de ficción</p> <p>5.2. A tipoloxía do relato breve</p> <p>5.3. A novela: orixes e desenvolvemento</p> <p>5.4. A influencia na posteridade</p> |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A2 A16 B1 B7 | 16 | 12 | 28 |
| Proba obxectiva | A1 A13 | 2.5 | 6 | 8.5 |
| Traballos tutelados | A11 A13 B3 B5 B6 | 0 | 23 | 23 |
| Lecturas | A2 B8 | 0 | 35 | 35 |
| Sesión maxistral | A1 A13 A16 A23 | 16 | 0 | 16 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase a asistencia e a participación activa de cada estudante no desenvolvemento dos mesmos. |
| Proba obxectiva | Proba escrita individual, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade de relacionar e organizar conceptos, resolver problemas e exercer un xuízo crítico. |
| Traballos tutelados | O estudante elaborará un traballo de curso individual coa orientación e a asistencia do profesor. Este traballo será exposto e discutido públicamente na aula. Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita e a eficacia da exposición oral. A presentación deste traballo ten carácter obrigatorio para poder efectuar a proba obxectiva e superar a materia. |
| Lecturas | O estudante fará por contra propia as lecturas obrigatorias que se lle propoñan e dará conta destas a través de comentarios orais nas sesións prácticas, no propio traballo tutelado ou na resolución da proba obxectiva. |
| Sesión maxistral | Sesións expositivas de carácter oral por parte do profesor sobre os diferentes contidos do temario. O profesor completará estas exposicións con guións, resumos e indicacións bibliográficas publicados a través da plataforma Moodle |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | O estudante asistirá a titorías individuais concertadas a fin de que o profesor supervise a planificación e desenvolvemento do traballo tutelado |
|---------------------|--|

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Análise de fontes documentais | A2 A16 B1 B7 | Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia a estas sesións como a participación activa de cada estudante no desenvolvemento das mesmas. Poderá pedirse a ulterior presentación por escrito dalgúns destes exercicios en forma de breve comentario dun texto, resolución dun test etc. | 20 |
| Proba obxectiva | A1 A13 | Proba escrita individual, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións expositivas como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade de relacionar conceptos, organizar a argumentación, resolver problemas e exercer un xuízo crítico. Requirirase unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para dar por superada esta proba | 40 |
| Traballos tutelados | A11 A13 B3 B5 B6 | Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita e a eficacia da presentación oral. A presentación deste traballo terá carácter obrigatorio para efectuar a proba final obxectiva e superar a materia | 40 |

| Observacións avaliación |
|--|
| <p>En caso de que as actividades presentadas por escrito non cumpran unhas esixencias mínimas de corrección lingüística, serán devoltas sen cualificar ao estudante para que as revise e as entregue de novo.</p> <p>Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo as probas e/ou os traballos non superados ou aqueles que non presentasen.</p> <p>O estudante será cualificado con Non Presentado só no caso de que non realice a proba obxectiva prevista.</p> <p>O estudante que se matricule na modalidade de tempo parcial será dispensado da asistencia ás sesións prácticas de análise de fontes documentais. O 20% que se contempla por este concepto no cálculo da cualificación global será compensado na proba obxectiva, que pasará a contar un 50% e na avaliación de traballo e actividades, que pasará a contar un 50%.</p> |

| Fontes de información | |
|----------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Michael Von Albrecht (1992/7). Historia de la literatura romana. Barcelona: Herder - Leighton D. Reynolds e Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Madrid: Gredos - Carmen Codoñer Merino (1997). Historia de la literatura latina. Madrid: Cátedra - George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid: Atenea - E.J.Kenney-W.V.Clausen (1989/90). Historia de la literatura clásica. Madrid: Gredos - Carmen Codoñer Merino (ed.) (1987). Géneros literarios latinos. Salamanca: Universidad de Salamanca <p>Recursos web Xerais Bibliotheca Augustana: bibliotheca latina / bibliotheca graeca http://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html#la The Latin Library http://www.thelatinlibrary.com/index.html The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Internet Ancient History Sourcebook: Rome http://www.fordham.edu/halsall/ancient/asbook09.html Analecta Malacitana http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Recursos para la literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/</p> |



| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | |
|-----------------------------|--|

| |
|----------------|
| Recomendacións |
|----------------|

| |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
|---|

| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|--|

| |
|----------------------------------|
| Materias que continúan o temario |
|----------------------------------|

| |
|--------------|
| Observacións |
|--------------|

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías